

JACQUES-ANTOINE DULAURE

# O regreso do meu pobre tío

Traducido por Isabel Soto



Vólvense os paxaros contra as escopetas

## CAPÍTULO I

### A MIÑA PARTIDA DA TERRA

Ende mal, a miña fiestra estaba aberta; ao meu pesar, o remedio do gas inflamable fixo que pasase ao outro lado, e axiña me vin arrastrado cara á máis elevada rexión atmosférica. Nin a lembranza da aventura do defunto Ícaro, nin a doutro tolitates que rompeu as pernas polo camiño, nin os perigos da miña arriscada viaxe esper-taron en min preocupación ningunha. Os físicos, como é sabido, endexamais teñen medo; pola contra, como a disposición do meu corpo me deixara a face volta cara á Terra, contemplei con seguridade o cadro máis magnífico que a natureza lles tivese ofrecido endexamais aos ollos dos mortais. Unha agradable sensación espallouse por todos os meus membros; o ar era tan puro e tan calmo que navegaba nunha fonda paz e coidaba respirar a felicidade. Cómpre ascender moi alto para atopar esta dita, dicía para min entón. Des que as conspiracións, o luxo e o mal antisocial a desterraron da Terra, os homes xa non a achan, e cómpre nada menos ca unha lavativa para poder gozar dela.

Á falta de escribanía e de termómetro, non dei calculado as diferentes alturas ás que me atopaba; foi mágoa,

porque daquela había ofrecer resultados dunha rigorosa precisión.

Como o orgullo viaxa connosco a todas as partes, eu sentíame singularmente foncho ao verme elevado con tamaña rapidez por riba do resto dos homes; comparado con tanta xente no seu lugar, vangloriábame da miña ascensión, malia non ser máis ca a obra dunha lavativa<sup>2</sup>.

Durante estas cavilacións miñas que aínda desprendían aroma a solo, a superficie da Terra ía desaparecendo de maneira imperceptible ante os meus ollos. Abesullei a redondez do globo. Foi entón cando comecei a tremer; o perigo presentouse coa súa face máis aterradora: maldicindo para os meus adentros os físicos e o gas inflamable, abandoneime por completo ao desconcerto que me conturbaba. Imaxinade un parisiense que nas súas viaxes endexamais perdeu de vista os arredores de Notre-Dame e que se ve levado pola inmensidade do aire, e poderedes vulgar o meu estado.

Achábame sen dúbida na rexión dos vapores científicos<sup>3</sup>, pois de socate vinme mergullado nunha tan

---

<sup>2</sup>N. do A. O meu pobre tío non foi o único viaxeiro aéreo sensible a este vaidoso pensamento. Véxase a carta do señor Charles, tras a súa ascensión ás Tuileries.

N. da T. Refírese á ascensión en globo de Jacques Alexandre César Charles (Beaugency, 1746-París, 1823) e o seu axudante Nicolas-Louis Robert (1761-1828) dende as Tuileries o 1 de decembro de 1783. Chegaron apenas a 600 metros de altitude e permaneceron no aire máis de dúas horas, ao longo das cales percorreron unha distancia de 44 quilómetros para aterraren na pequena vila de Nesles-la-Vallée. O globo estaba equipado cun barómetro e un termómetro que permitiron tomar medicións meteorolóxicas da atmosfera. Segundo recollen as crónicas da época, nos arredores do xardín das Tuileries congregouse unha multitude dunhas 400.000 persoas para asistir ao voo.

<sup>3</sup>N. do A. O meu tío prepara un voluminoso traballo sobre os vapores nas capas da atmosfera, como se verá ao final deste libro.

gran letarxia que a cola dun cometa que me queimou ao pasar un faldrón do traxe non logrou espertarme. Iso foi o que me privou de observar durante o resto do camiño, para o meu desgusto e gran prexuízo das ciencias. As miñas estimacións non deixarían de iluminar unha chea de verdades agronómicas, as cales conforman unha escuridade tan sublime que o ollo ordinario non dá penetrado nelas.

